

**Axuda/Subvención:** axudas a Clubs deportivos sen ánimo de lucro que participen en competicións de ámbito estatal e de carácter non profesional en deportes de equipos colectivos para os anos 2010, 2011 e 2012.

**Organismo:** Ministerio da Presidencia

**Obxecto da convocatoria e finalidade:** Convocar axudas ou subvencións económicas aos clubs deportivos de deportes de equipo colectivo, sen ánimo de lucro que participen en competicións de ámbito estatal e de carácter non profesional, adscritos ás Federacións Españolas cuxos deportes de equipo consigan diploma ou medalla nos Xogos Olímpicos de Pequín 2008 que colaboren durante a tempada anterior a aquela en que se solicita a axuda, isto é tempada 2008-09 para as axudas correspondentes ao ano 2010, tempada 2009-10 para as correspondentes ao 2011 e tempada 2010-11 para a axuda do ano 2012; na preparación e na competición dos seus equipos nacionais absolutos da categoría en que se obtivo o diploma ou medalla.

**Presentación de solicitudes:** As solicitudes e resto de documentación requirida irán dirixidas ao Presidente do Consello Superior de Deportes. A presentación de modo físico en soporte papel poderá realizarse persoalmente ou por correo ante o Rexistro Xeral de Consello Superior de Deportes, Rúa Martín Fierro, s/n; 28040 Madrid. Tamén poderán presentarse as solicitudes no rexistro de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se teña subscrito ou oportuno convenio. A presentación de modo telemático levará a cabo ante o Rexistro Electrónico do CSD regulado pola Resolución de 24 de xuño de 2009 da Presidencia do Consello Superior de Deportes, na dirección electrónica: [www.csd.gob.es](http://www.csd.gob.es) (Oficina Virtual). No caso de envío por correo, na cabeceira da primeira folia do documento que se queira enviar farase constar, con claridade, o nome da oficina de correos e a data, ou lugar, a hora e ou minuto da súa admisión.

**Prazo de presentación:** Subvención para o ano 2010: As solicitudes de subvención deberán presentarse ata o 18 de abril de 2010.

As subvencións para o ano 2011 e 2012: As solicitudes deberán presentarse, segundo o definido no punto cuarto, do 1 ao 30 de outubro do ano 2010, para a subvención do ano 2011, e do 1 ao 30 de outubro de 2011, para a subvención do ano 2012

**Máis Información:** [B.O.E.](#)

**Consejo Superior de Deportes:** C/ Martín Fierro s/n 28040 Madrid Teléfono Información General: 91 589 69 38 Horario: De Lunes a Viernes de 9 a 14 h